

Xoves, 9 de novembro de 2017

Núm. 215

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOAÑA

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS SOCIAIS, CULTURAI, DEPORTIVOS E DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE PRESTADOS POLO CONCELLO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS SOCIAIS, CULTURAI, DEPORTIVOS E DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE PRESTADOS POLO CONCELLO DE MOAÑA

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña en sesión de data 29/06/2017, aprobou provisionalmente a “Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos polos servizos sociais, culturais, deportivos e de ocupación do tempo libre prestados polo concello de Moaña”.

O expediente someteuse a información pública e audiencia aos interesados, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio publicado no BOPPO nº 157, do 17/08/2017, non presentándose ningunha reclamación ou suxestión durante dito prazo, polo que enténdese definitivamente adoptado o acordo provisional. En cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, publícase o texto integro da ordenanza aprobada, momento no que entrará en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS SOCIAIS, CULTURAI, DEPORTIVOS E DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE PRESTADOS POLO CONCELLO DE MOAÑA

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello acorda a imposición dos prezos públicos pola realización das actividades e a prestación dos servizos sociais, culturais, deportivos e de ocupación do tempo libre especificados no artigo catro desta ordenanza.

ARTIGO 2º.—CONCEPTO

O Concello de Moaña establece os prezos públicos correspondentes pola realización das actividades e a prestación dos servizos sociais, culturais, deportivos e de ocupación do tempo libre especificados no artigo catro desta ordenanza, nos que non concorren ningunha das circunstancias previstas no artigo 20.1 b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



Xoves, 9 de novembro de 2017

Núm. 215

ARTIGO 3º.—PERSOAS OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados/as ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie das actividades ou dos servizos sociais, deportivos, culturais ou de ocupación do tempo libre especificados no artigo seguinte.

ARTIGO 4º.—CONTÍA, XESTIÓN E COBRO**A) Actividades para persoas maiores****A.1.—Ximnasia de mantemento para persoas maiores**

Importe: 18,00 euros/trimestre.

Xestión e cobro

1.—As solicitudes presentaranse durante os meses de xullo e agosto de cada ano natural para iniciar as actividades no mes de outubro (servizo prestado nos meses de outubro a xuño).

2.—As solicitudes para a participación nestas actividades indicando, no seu caso, a concorrencia das circunstancias previstas no artigo 5.1a) desta ordenanza dirixiranse ó departamento de Servizos Sociais, que elaborará unha relación de persoas inscritas que será aprobada por resolución da Alcaldía, especificando, as que teñan dereito á bonificación do 100%.

3.—A emisión de recibos e os cobros correspondentes efectuaranse con carácter trimestral, coincidindo cos trimestres naturais de prestación do servizo (outubro-décembro; xaneiro-marzo; abril-xuño). O importe correspondente será aboado nas entidades financeiras e de cobro e polos medios debidamente autorizados ó respecto.

4.—As solicitudes de alta e de baixa durante o curso deberán efectuarse dentro dos dous primeiros meses do trimestre natural para fornecer efectos no trimestre seguinte. Nos casos de baixa, deberá aboarse o trimestre no que se produza a mesma, non procedendo devolución algunha das cantidades que, no seu caso, xa se tivesen aboado.

Nos supostos de baixa por razóns de saúde, poderá solicitarse aquela en calquera momento, acreditando tal situación polo pertinente informe ou certificado médico. Nestes casos a cota poderá prorratearse por meses, de xeito que non se aboarán aqueles nos que non se tivese asistido a ningunha clase, procedendo, no seu caso, a devolución das cantidades aboadas, previo informe dos Servizos Sociais do Concello.

A.2. Outras actividades a cargo do Concello dirixidas a persoas maiores**Importe**

En aplicación do disposto no artigo 47.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o importe dos prezos públicos a satisfacer por tales actuacións será o que para cada convocatoria se acorde pola



Xoves, 9 de novembro de 2017

Núm. 215

Xunta de Goberno Local en función do custe calculado polos servizos económicos do Concello que supoñan aquelas e dos participantes ou usuarios/as previstos/as.

Xestión e cobro

De conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as actividades sinaladas neste epígrafe aboaranse con carácter previo á súa realización nas entidades financeiras e de cobro e polos medios debidamente autorizados ó respecto, no prazo que se estableza no acordo da Xunta de Goberno Local, presentando, ante os servizos encargados da emisión do recibo correspondente o DNI do interesado que acredite a súa inclusión na franxa de idade á que vai dirixida aquela.

As solicitudes para a participación nestas actividades presentaranse nos prazos que se indiquen no acordo da Xunta de Goberno Local, adxuntando o recibo no que conste o seu aboamento ou indicando, no seu caso, a concorrencia das circunstancias previstas no artigo 5.1 a) desta ordenanza e dirixiranse ó departamento de Servizos Sociais, que elaborará unha relación de inscritos que será aprobada por resolución da Alcaldía.

B) Campamentos urbanos e similares

Importe

En aplicación do disposto no artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o importe dos prezos públicos a satisfacer por tales actuacións será o que para cada convocatoria se acorde pola Xunta de Goberno Local en función do custe calculado polos servizos económicos do Concello que supoñan aquelas e dos participantes ou usuarios/as previstos/as.

Xestión e cobro

De conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as actividades sinaladas neste epígrafe aboaranse con carácter previo á súa realización, no prazo que se estableza no acordo da Xunta de Goberno Local, nas entidades financeiras e de cobro e polos medios debidamente autorizados ó respecto, presentando, no seu caso, ante os servizos encargados da emisión do recibo correspondente a documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 5.2 b) desta ordenanza para gozar das bonificacións reguladas naquel.

As solicitudes para a participación nestas actividades presentaranse nos prazos que se indiquen no acordo da Xunta de Goberno Local, adxuntando recibo no que conste o seu aboamento, ou indicando, no seu caso, a concorrencia das circunstancias previstas no artigo 5.2 a) desta ordenanza e dirixiranse ó departamento de Servizos Sociais, que elaborará unha relación de inscritos que será aprobada por resolución da Alcaldía.



Xoves, 9 de novembro de 2017

Núm. 215

C) Actuacións teatrais, concertos e outro tipo de actividades culturais, lúdicas ou deportivas non recollidas nos epígrafes anteriores

Importe

En aplicación do disposto no artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o importe dos prezos públicos a satisfacer por tales actuacións será o que para cada convocatoria se acorde pola Xunta de Goberno Local en función do custe calculado polos servizos económicos do Concello que supoñan aquelas e dos participantes ou usuarios/as previstos/as.

Xestión e cobro

De conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as actividades sinaladas neste epígrafe aboaranse con carácter previo á súa realización nas entidades financeiras e de cobro e polos medios debidamente autorizados ó respecto, presentando, no seu caso, ante os servizos encargados da emisión do recibo correspondente a documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 5.3 desta ordenanza para gozar das bonificacións reguladas naquel.

O recibo no que conste o seu aboamento, ou, no seu caso, a bonificación polo 100% do seu importe, servirá como título habilitante para o acceso ós recintos de celebración das actividades.

ARTIGO 5º. BONIFICACIÓNS

5.1.—Nos supostos recollidos no apartado A) do artigo anterior aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Aplicarase unha bonificación do 100% do prezo ás mulleres vítimas de violencia de xénero así como á súa descendencia e ás persoas en risco de exclusión social, circunstancias que deberán acreditarse mediante a emisión do pertinente informe por parte do CIM (Centro de Información á Muller) ou dos Servizos Sociais, respectivamente.

5.2.—Nos supostos recollidos no apartado B) do artigo anterior aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Aplicarase unha bonificación do 100% do prezo ás mulleres vítimas de violencia de xénero así como á súa descendencia e ás persoas en risco de exclusión social, circunstancias que deberán acreditarse mediante a emisión do pertinente informe por parte do CIM (Centro de Información á Muller) ou dos Servizos Sociais, respectivamente.

b) Aplicarase unha bonificación do 20% do prezo ás persoas demandantes de emprego que non perciban ningunha prestación, previa presentación do documento acreditativo emitido polo servizo público de emprego (SEPE, antes INEM) no que conste tal circunstancia.



Xoves, 9 de novembro de 2017

Núm. 215

5.3.—Nos supostos recollidos no apartado C) do artigo anterior, aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Aplicarase unha bonificación do 100% do prezo ás mulleres vítimas de violencia de xénero así como á súa descendencia e ás persoas en risco de exclusión social, circunstancias que deberán acreditarse mediante a emisión do pertinente informe por parte do CIM (Centro de Información á Muller) ou dos Servizos Sociais, respectivamente.

b) Aplicarase unha bonificación do 20% do prezo ás persoas demandantes de emprego que non perciban ningunha prestación, previa presentación do documento acreditativo emitido polo servizo público de emprego (SEPE, antes INEM) no que conste tal circunstancia.

5.4.—As bonificacións recollidas neste artigo non son acumulables entre si.

5.5.—A aplicación destas reducións non poderá supor que a recadación total prevista para cada actuación sexa inferior ó custe total da mesma resultante do estudo elaborado polos servizos económicos do Concello, salvo que concorran as circunstancias previstas no apartado seguinte.

5.6.—De acordo co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará derogada a anteriormente vixente, aprobada polo Pleno da Corporación en data 22 de decembro de 2004 (Boletín Oficial Pontevedra número 250, de 30 de decembro).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29/06/2017., entrará en vigor ó día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, 31 de outubro de 2017

A Alcaldesa, Leticia Santos Paz.

